

Manual de esquema e resumo

O esquema e o resumo son algo máis que unha pregunta de exame da PAU: son unha ferramenta básica para a comprensión e produción de textos, útil para toda a vida académica. Sempre é recomendable traballar con esquemas, tanto para sintetizar a materia de estudo antes dun exame como para organizar a información antes dunha redacción. O obxectivo é organizar a información relevante dun texto para poder traballar con ela de maneira axil. Imos tomar o seguinte texto:

O ceo galego tinguéase de rosa: así foi a nova (e espectacular) aurora boreal

Na noite do xoves, entre as nubes do ceo galego apareceu un fenómeno pouco frecuente a estas latitudes do globo: a aurora boreal. Unha exesión de masa coronal do sol provocou unha potente tormenta solar, o que permitiu ver este fenómeno nos ceos galegos.

Nestes intres, o astro atópase nun pico de actividade, que se produce cada 11 anos. Unha das consecuencias deste período é unha maior probabilidade de produción de tormentas solares, que dan lugar ás auroras boreais. En maio deste 2024, o mesmo fenómeno permitiu aos cidadáns vivir esta experiencia única baixo os ceos nocturnos de Galicia.

As auroras boreais son propias de latitudes polares. A potencia da última tormenta solar —magnitude X9, das máis potentes da última década—permitiu que o fenómeno fose visible en latitudes máis baixas.

Está previsto que este período de grande actividade solar dure ata xaneiro de 2025. Isto implica que, seguramente, teremos oportunidade de ver estas luces no noso ceo.

(Adaptación. Publicado en gciencia.com, 11/10/24)

Para facer un esquema e resumo, imos seguir os seguintes pasos.

1º Lectura atenta

O primeiro paso para resumir un texto é a lectura atenta. Nesta fase recoméndase ir facendo notas á marxe de cada parágrafo, unha vez lido, para sinalar a idea principal deste. Tamén podes anotar ideas relacionadas, definicións de palabras... Presta atención ao título: servirache para orientarte no tema do texto. O meu consello: anota o menos posible. Canto menos anotes, maior claridade e maior facilidade para recuperar a información.

O ceo galego téguese de rosa: así foi a nova (e espectacular) aurora boreal

Na noite do xoves, entre as nubes do ceo galego apareceu un fenómeno pouco frecuente a estas latitudes do globo: a aurora boreal. Unha exesión de masa coronal do sol provocou unha potente tormenta solar, o que permitiu ver este fenómeno nos ceos galegos. [\[Aurora boreal no ceo galego, por potente tormenta solar\]](#)

Nestes intres, o astro atópase nun pico de actividade, que se produce cada 11 anos. Unha das consecuencias deste período é unha maior probabilidade de produción de tormentas solares, que dan lugar ás auroras boreais. En maio deste 2024, o mesmo fenómeno permitiu aos cidadáns vivir esta experiencia única baixo os ceos nocturnos de Galicia. [\[Pico de actividade solar, maior probabilidade de tormentas\]](#)

As auroras boreais son propias de latitudes polares. A potencia da última tormenta solar —magnitude X9, das máis potentes da última década—permitiu que o fenómeno fose visible en latitudes máis baixas. [\[Tormenta solar moi potente permite ver o fenómeno en latitudes inusuais\]](#)

Está previsto que este período de grande actividade solar dure ata xaneiro de 2025. Isto implica que, seguramente, teremos oportunidade de ver estas luces no noso ceo.

[\[É posible que se repita\]](#)

2º Suliñado

Un erro frecuente é suliñar na primeira lectura, a medida que se vai lendo, pensando que así imos aforrar tempo. O que acontece a maioría das veces é que, como toda información é nova, toda nos parece relevante e acabamos suliñando todo menos as preposicións.

Hai que suliñar unha vez se coñece o texto e a idea xeral. As anotacións que fixemos no paso anterior serven para guiar o suliñado: só aquilo que garda relación co anotado é información relevante. O meu consello: suliña o menos posible. Se todo destaca, nada destaca.

O ceo galego tinguéuse de rosa: así foi a nova (e espectacular) aurora boreal

Na noite do xoves, entre as nubes do ceo galego apareceu un fenómeno pouco frecuente a estas latitudes do globo: a aurora boreal. Unha exesión de masa coronal do sol provocou unha potente tormenta solar, o que permitiu ver este fenómeno nos ceos galegos. [\[Aurora boreal no ceo galego, por potente tormenta solar\]](#)

Nestes intres, o astro atópase nun pico de actividade, que se produce cada 11 anos. Unha das consecuencias deste período é unha maior probabilidade de produción de tormentas solares, que dan lugar ás auroras boreais. En maio deste 2024, o mesmo fenómeno permitiu aos cidadáns vivir esta experiencia única baixo os ceos nocturnos de Galicia. [\[Pico de actividade solar, maior probabilidade de tormentas\]](#)

As auroras boreais son propias de latitudes polares. A potencia da última tormenta solar —magnitude X9, das máis potentes da última década— permitiu que o fenómeno fose visible en latitudes máis baixas. [\[Tormenta solar moi potente permite ver o fenómeno en latitudes inusuais\]](#)

Está previsto que este período de grande actividade solar dure ata xaneiro de 2025. Isto implica que, seguramente, teremos oportunidade de ver estas luces no noso ceo. [\[É posible que se repita\]](#)

3º Esquema

Cos dous pasos anteriores, o esquema xa está feito. As ideas principais serían as ideas que anotaches á marxe e as ideas secundarias o que tes sulinado no texto. Podes facelo da maneira que prefiras, mais recorda que o importante non é facer un esquema bonito, senón útil. O meu consello: utiliza un esquema por puntos. Esta disposición é máis parecida a como aparecen as ideas no texto, é a que mellor aproveita o espazo no papel e é fácil de facer en soportes electrónicos (os procesadores de texto xa teñen a opción para facelos así).

O ceo galego tinguése de rosa: así foi a nova (e espectacular) aurora boreal

- Vista unha aurora boreal no ceo galego. Causa: unha potente tormenta solar
 - O xoves pasado
 - Fenómeno pouco frecuente
- O sol atópase nun pico de actividade ⇒ maior probabilidade de tormentas
 - Pico prodúcese cada 11 anos
 - En maio xa puido verse a aurora boreal en Galicia
- A última tormenta solar foi moi potente ⇒ aurora en latitudes máis baixas
 - Das tormentas máis potentes da última década
- É posible que volva verse a aurora boreal
 - O pico de actividade durará ata xaneiro de 2025

Os puntos negros son as ideas principais. Os puntos brancos, con sangría, son as ideas secundarias.

4º Resumo

Unha vez temos o esquema, para facer o resumo basta con redactar a información recollida. No caso dun exame, o límite está arredor das 60 palabras, así que é posible que teñas que deixar información do esquema fóra do resumo.

Lembra que nunca comezamos con “O texto trata de” ou “O autor fala de”. Un resumo é unha versión reducida do texto fonte. Ese tipo de fórmulas de comezo son propias de comentarios, onde temos que describir o texto.

O xoves pasado, unha forte tormenta solar permitiu ver a aurora boreal en Galicia, un fenómeno pouco frecuente. Un pico de actividade no sol aumentou a probabilidade de tormentas solares. A potencia da última tormenta solar fixo posible ver a aurora lonxe dos polos. É posible que volvan verse as auroras durante o que queda de ano.

E para redactar un texto?

Para redactar un texto debemos percorrer o camiño inverso.

1. Facemos un resumo do que queremos incluír no texto
2. Organizamos a información nun esquema
3. Redactamos o texto seguindo ese esquema